

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O VINTE E CINCO DE MAIO DE DOUS MIL DEZASETE.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

Concelleiro/as:

D. Pedro Amado Sanmartín.

Dna. Raquel Caruncho Corral.

D. José Simoes Couceiro.

Dna. Yolanda Vázquez Busto.

Dna. Silvia Fornos Permuy.

Dna. Marta Pico Machado.

D. Francisco Javier Crespo Romeo.

[[Abandona a sesión ás 13:40h, no punto de rogos e preguntas]

Dna. María Carmen Piñeiro Varela.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte.

D. Andrés Pérez Pérez.

Dna. Ana María Veira García.

D. Jorge Serafín Allegue Freire.

[[Abandona a sesión ás 14:06h, no punto de rogos e preguntas]

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e cinco minutos do día vinte e cinco de maio de dous mil dezasete, xúntanse en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos polas Secretaria e Interventora Municipais.

Secretaria:

D^a. Ana Ramos Ramos

Interventora

Dna. Lucía Varela Martínez.

A Presidencia abre a sesión procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:

- SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 27/04/2017.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO.

Expediente: 2017/G006/000107

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:

- SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 27.04.2017.

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:

- ordinaria de 27.04.2017.

*Sométese á aprobación á seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:***



PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente ás sesión:

- ordinaria de 27.04.2017.

SEGUNDO.-. Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro.”

Dende a Presidencia pregúntase se algún/ha membro ten algo que indicar ao respecto do borrador da acta anterior.

Non habendo intervencións, sométese o borrador da acta a votación resultando adoptado **por 11 votos a favor** de D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy, Dna. Marta Pico Machado, Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte, D. Andrés Pérez Pérez e Dna. Ana María Veira García; e **2 abstencións** dos concelleiros: D. Francisco Javier Crespo Romeo e D. Jorge Serafín Allegue Freire, por non estaren presentes na sesión cuxo borrador se somete a aprobación, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente ás sesión:

- ordinaria de 27.04.2017.

SEGUNDO.-. Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA: LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2016 (Expte.: 2017/G003/000266) E CORRECCIÓN DE ERROS (Expte.: 2017/G003/000269).

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe no seu literal:

“DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA: LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2016 (Expte.: 2017/G003/000266) E CORRECCIÓN DE ERROS (Expte.: 2017/G003/000269)

(Expediente: 2017/G006/000108)

Dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia 232.2017 de 02.05.2017 relativo á Liquidación do Orzamento de 2016 e e 237.2017 de 08.05.2017 de corrección de erros, que se transcriben no seu literal:

“Descripción decreto: EXPEDIENTE DE TRAMITACIÓN DE DECRETOS

EXPEDIENTE Nº 2017/G003/000266

DON BERNARDO FERNANDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

De conformidade co disposto no artigo 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo , polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, en relación co artigo 90 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril e a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrucción do modelo normal de contabilidade local, e vistos os informes da Intervención Municipal de referencia 20/2017 e 21/2017 ambos do 28/04/2017, así como o 22/2017 de rectificación de erros do 21/2017.

Considerando a atribución concedida a esta Alcaldía segundo o establecido no artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e demais normativa concordante coa anterior, **RESOLVO:**

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do Orzamento do Concello do exercicio 2016, co seguinte desglose :

a) Resultado Orzamentario:

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
a. Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras	6.028.069,12
a.1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)	5.569.481,31
a.2. Dereitos recoñecidos netos por operacións de capital (Cap. VI e VII)	458.587,81
b. Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros	3.288,76
c. Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros	0
Total dereitos recoñecidos	6.031.357,88
a. Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras	5.640.345,36
a.1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)	5.146.363,14
a.2. Obrigas recoñecidas netas por por operacións de capital (Cap. VI e VII)	493.982,22
b. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros	3.200,00
c. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros	0,00
Total obrigas recoñecidas	5.643.545,36
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES	387.812,52
AXUSTES	
(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	34.660,00
(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio	182.396,46
(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio	292.215,31
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	312.653,67

b) Remanente de Tesourería para Gastos Xerais

1. Fondos líquidos	1.232.983,86
--------------------	--------------



2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)		7.215.757,26
2.a. Do orzamento corrente	909.541,43	
2.b De orzamentos pechado	6.289.163,35	
2.c De operacións non orzamentarias	17.052,48	
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)		6.686.374,51
3.a. Do orzamento corrente	817.030,41	
3.b. De orzamentos pechados	5.609.318,17	
3.c. De operacións non orzamentarias	260.025,93	
4. Partidas pendentes de aplicación		-3.745,72
4.1 Cobros realizados pendentes de aplicación	148.354,35	
4.2 Pagos realizados pendentes de aplicación	144.608,63	
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL		1.758.620,89
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO		696.356,94
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO		119.207,04
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS		943.056,91

c) *Obxectivo de estabilidade orzamentaria:*

CONCEPTOS	IMPORTES
Ingresos liquidados presupuesto 2016 (capítulos 1 a 7)	6.028.069,12
Créditos liquidados presupuesto 2016 (capítulos 1 a 7)	5.640.345,36
TOTAL (a - b)	387.723,76
AXUSTES	
1) Axustes recadación capítulo 1	73,38
2) Axustes recadación capítulo 2	-1.405,20
3) Axustes recadación capítulo 3	-23.569,95

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

4) Axuste por Participación en Tributos do Estado	21.748,03
5) Axuste por gastos pendentes de aplicar a orzamento	-314.606,24
TOTAL CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO	69.963,78

d) Obxectivo Regra de Gasto (Máximo 4.973.644,23 euros)

Gasto computable	IMPORTES
1. Suma capítulos 1 a 7, deducidos gastos financeiros	5.640.345,36
2. Axustes SEC (2016)	-314.606,24
3. Total empregos non financeiros términos SEC excepto intereses da débeda (1 +/- 2)	5.325.739,12
4. Transferencias entre unidades que integran a Corporación local (-)	0,00
5. Gasto financiado con fondos finalistas (-)	448.936,26
6. Outros (investimentos financeiramente sostibles financiados con RTGG)	0,00
7. Total Gasto computable Liquidación 2016	4.876.802,86

SEGUNDO.- Remitir copia da liquidación aos órganos competentes da Administración do Estado e da Xunta de Galicia.

TERCEIRO.- Dar traslado ao departamento de Intervención, debido aos efectos económicos implícitos ao acto administrativo.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, D^a. Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987)."

"Descripción decreto: EXPEDIENTE DE CORRECCIÓN ERROS LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO EXONÓMICO 2016

EXPEDIENTE Nº 2017/G003/000269

DON BERNARDO FERNANDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).



Visto o informe de Intervención de referencia 25/2017, de asunto: "corrección erros informe de referencia 20/2017, liquidación do orzamento municipal correspondente ao exercicio económico de 2016",

Visto que no dito informe se corrixe o erro de transcripción no Remanente de tesourería segundo se indica,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Corrixir o erro da Resolución 2017/232 pola que se aproba a liquidación do orzamento de 2016, (expediente número 2017/G003/000266), concretamente no cadro correspondente ao Remanente de tesourería, de forma que onde dí:

1. Fondos líquidos		1.232.983,86
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)		7.215.757,26
2.a. Do orzamento corrente	909.541,43	
2.b De orzamentos pechado	6.289.163,35	
2.c De operacións non orzamentarias	17.052,48	
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)		6.686.374,51
3.a. Do orzamento corrente	817.030,41	
3.b. De orzamentos pechados	5.609.318,17	
3.c. De operacións non orzamentarias	260.025,93	
4. Partidas pendentes de aplicación		-3.745,72
4.1 Cobros realizados pendentes de aplicación	148.354,35	
4.2 Pagos realizados pendentes de aplicación	144.608,63	
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL		1.758.620,89
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO		696.356,94
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO		119.207,04
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS		943.056,91"

Debe dicir:

1. Fondos líquidos		1.232.983,86
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)		7.213.944,73
2.a. Do orzamento corrente	907.728,90	

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2.b De orzamentos pechado	6.289.163,35	
2.c De operacións non orzamentarias	17.052,48	
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)		6.686.374,51
3.a. Do orzamento corrente	817.030,41	
3.b. De orzamentos pechados	5.609.318,17	
3.c. De operacións non orzamentarias	260.025,93	
4. Partidas pendentes de aplicación		-3.745,72
4.1 Cobros realizados pendentes de aplicación	148.354,35	
4.2 Pagos realizados pendentes de aplicación	144.608,63	
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL		1.756.808,36
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO		696.356,94
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO		119.207,04
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS		941.244,38"

SEGUNDO.- Dar conta da presente Resolución ao Departamento de Intervención para os efectos oportunos.

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, D^a. Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987)."

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Ponte deume á data sinalada na marxe."

A portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas, Dña. Ana Veira García plantexa unha dúbida ao respecto das referencias no expediente, ás anualidades de 2015 e 2016, preguntando as contías de cada unha.

Aclárase que a referencia ao ano 2015, exercizo no que houbo un superávit negativo, son unha aclaración, motivada porque o orzamento estivo prorrogado. En canto ao superávit de 2016, indícase que é de 69.993,78 euros.

De seguido, a Sra. Veira García pregunta polos prazos legais do expediente de liquidación do orzamento, en base ao que recolle o informe da intervención.



Indícaselle que, se ben, legalmente, o prazo para a liquidación do exercizo anterior debe ser aprobada antes do 1 de marzo e remitida antes do 31 dese mes, non sempre se respeta e faise alusión a que a propia plataforma do Ministerio, onde hai que introducir os datos telemáticamente, permitiu esta operación ata o 30 de abril, sendo remitida por este Concello neste prazo.

Os membros presentes **TOMAN RAZÓN**.

3.- DAR CONTA ASUNTOS ECONÓMICOS.

Dase conta dos Informes da Intervención Municipal, os seguintes:

15.2017, de "Comunicación da remisión de información ISPA 2017".

18.2017, "Informe en aplicación do establecido na Lei 15.2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3.2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondente ao primeiro trimestre de 2017, e Periodo Medio de Pago (PMP)"

19.2017, de "Comunicación da remisión de información trimestral ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas".

23.2017, de "Comunicación de información dos tipso impositivos do Concello de Pontedeume. Anualidade 2017".

Os membros presentes **TOMAN RAZÓN**.

4.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO. MOCIÓNS URXENTES.

O Grupo Municipal do BNG-AA, ten presentado unha moción para o seu tratamento pola vía de urxencia, sobre "*Medidas para paliar os efectos negativos do "Catastrazo"*".

Toma a palabra a portavoz do Grupo Municipal propoñente da moción. Dna. Ana Veira García motiva a urxencia do asunto en que na actualidade a cidadanía local está a recibir cartas de regularización catastral.

De seguido, da lectura ao texto na moción, que se transcribe a continuación:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno do Partido Popular aprobou a finais de 2012 a Lei 16/2012, que incorporaba medidas tributarias en diversos ámbitos. Esta norma era continuadora da política fiscal emprendida desde a chegada ao Goberno central do Partido Popular, que se caracterizou por realizar subidas xeneralizadas nos impostos que pagan as maiorías sociais (subidas nos tramos medios do IRPF, subida xeral do IVA e dun xeito agravado en produtos culturais), así como a introdución de copagos sanitarios e farmacéuticos. Unha política de rigor e exixencia fiscal para as rendas medias e baixas e laxitude e permisividade coas rendas altas e as grandes fortunas.

A política fiscal do PP tamén tivo repercusión nos impostos locais. Lembremos que a finais de 2011, nada máis chegar ao poder, aprobou un primeiro "catastrazo", a través do Real Decreto-Lei 20/2011 que chegou a elevar o gravame mínimo nos concellos no Imposto de Ben Inmóbeis (IBI) para os anos 2012 a 2015.

Coa Lei 16/2012 consúmase un segundo "catastrazo", ao recoller un proceso de regularización catastral. Ademais, xustifícase dito proceso "no obxectivo da mellora contra a fraude fiscal", cando vai dirixido sobre todo a bens situados en solo rústico, que nunha boa parte de casos son anexos ou instalación asociadas á actividade agrícola.

Por outra banda, os diversos estudos publicados sobre a fraude fiscal non apuntan ao catastro como unha das principais fontes de elusión fiscal. Recentemente, os propios técnicos da

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Axencia Tributaria, a través do seu sindicato GESTHA, puxeron de manifesto que o Plan de control tributario do Ministerio de Facenda “deixa impune o 81,6 % da evasión fiscal”, e que “centra a súa investigación no contribuínte medio para conseguir os seus obxectivos de control tributario e loita contra a fraude fiscal”. Engade ademais, que os resultados da loita contra a fraude fiscal foron negativos, pois “aséntanse nunha investigación desequilibrada que pon a lupa sobre os contribuíntes con menores ingresos –como son as pequenas empresas, os autónomos e traballadores/as que representan o 56 % da débeda descuberta pola inspección– no canto de perseguir a fraude sofisticada de multinacionais e corporacións empresariais”.

Ao longo de 2015 e 2016, a Dirección Xeral do Catastro activou en Galiza dito proceso extraordinario de regularización catastral, afectando a día de hoxe xa a máis de 240 concellos. Dentro dos cales está o concello de Ponte deume.

A regularización catastral conleva o pagamento dunha taxa de 60 € a unha empresa que ten que pagar cada un dos regulamentados e ademais implicará un aumento do valor catastral do inmovible revisado e, polo tanto, incrementará tamén a base impositiva do IBI. Iso tamén pode ter repercusión indirecta noutros impostos (IRPF, plusvalía municipal, sucesións) e mesmo incluso en subvencións públicas como as becas escolares dado que poden conter módulos patrimoniais referenciados no catastro como límites obxectivos para accederen á ditas axudas.

En moitos casos, a variación na realidade física responde sobre todo á propia rehabilitación e restauración de inmóbeis para evitar o seu deterioro, incluso á conservación habitual dos mesmos, e aínda neses supostos os seus propietarios son requiridos para comunicar ditas modificacións. Iso levará, non só a abonar a taxa lineal, senón tamén a soportar un incremento impositivo no IBI simplemente por acometer obras necesarias de mantemento e mellora, tendentes a manter o valor patrimonial, en ningún caso por ter realizado actuacións co fin de aumentar dito valor.

Á vista do exposto estamos perante un procedemento absolutamente inxusto, que se dirixe preferentemente sobre persoas con menor nivel de renda.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. O concello prestará de xeito gratuíto un servizo de asesoramento catastral para todos aqueles veciños/as que o necesiten durante o período de vixencia do proceso de regularización catastral.

2. Para paliar as posíbeis consecuencias que a Regularización Catastral poda traer sobre os bens e as economías dos propietarios, o Concello levará a cabo unha modificación da Ordenanza do IBI para acometer unha baixada do mesmo.

3. Bonificación do 95% da cota íntegra do imposto a favor de bens inmovibles no que se desenvolvan actividades económicas no eido do sector agrogandeiro.”

Concluída a lectura da moción, sométese a votación a ratificación da urxencia e a inclusión daquela na orde do día, quedando **RATIFICADA A URXENCIA A INCLUSIÓN DA MOCIÓN** na Orde do Día, por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes.

De seguido, a Presidencia abre unha quenda para o debate.



Toma a palabra o portavoz do Partido Popular, D. Francisco Javier Crespo Romeo, quen recorda as distintas mocións que se teñen presentado sobre este asunto e que se está á espera dunha reunión que se tería que convocar para contrastalas e chegar a unha moción conxunta e pechar así o asunto. Apela ao consenso.

Intervén Dna. Ascensión de Vicente Olarte, concelleira do PP, que considera que o lóxico sería reunirse e aprobar un texto conxunto, non alongando máis os prazos ao respecto.

Dende a Presidencia, D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se quedou en convocar unha reunión unha vez que se tiveran os datos sobre como afectaría unha revisión catastral no Concello.

Dna. Ana Veira García di que considera que cando se trae unha moción, pódese contrastar e mirar, polo que se se quere engadir algo, poderíase ter proposto.

O Sr. Fernández Piñeiro insiste en que a reunión se convocaría unha vez que se tiveran os datos para mirar, daquela, o que se fai, e indica que a moción do PP presentada sobre o asunto ía na liña do terceiro punto da que se está a tratar.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte di que a primeira moción sobre este asunto presentouse en Xaneiro, e foi aprobada por unanimidade.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se confunde regularización catastral, indicando que foi solicitada polo PP no ano 2014, con revisión, que é obrigatoria cando se levan máis de 10 anos sen revisar os valores e que esta non se fixo por non estaren aprobados os orzamentos xerais do Estado.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte fai referencia ao problema que pode ter a xente logo do proceso polo que se están a recibir as cartas, xa que os pagamento dos sesenta euros que conteñen as resolucións obxecto das cartas, son pola incidencia.

D. Bernardo Fernández Piñeiro remite a problemática á falla de comunicación das actuacións ao catastro, poñendo como exemplo, os cambios de titularidade tras dunha venta. Anuncia o voto favorable do Grupo Municipal do PSOE, se ben o primeiro dos puntos da proposta de acordo xa está cumprido, informando que dende o 1 ao 9 de xuño, persoal técnico da empresa que realizou a regularización, estará atendendo á cidadanía ao obxecto de informar e asesorar sobre aquel e a elaboración das alegacións que procedan e se queiran presentar, na Aula CEMIT do edificio FOREMDES, en horario: de 10 a 14 e de 15:30 a 19h.

Toma a palabra D. Andrés Pérez Pérez, concelleiro do PP, que considera que este servizo de asesoramento chega algo tarde.

D. José Simoes Couceiro recorda que houbo unha charla sobre o asunto no mes de xaneiro.

Dende a presidencia indícase que cando se saiban os valores, determinarase o coeficiente que lle corresponde ao Concello, tratando de axustalo ás necesidades locais.

Dna. Ana Veira García, propón que no punto terceiro se engada, xunto ao sector agrogandeiro, "comercial e servizos".

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que hai que estudar a posibilidade, polo que propón "que se estude a posibilidade..."

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta de acordo emendada, quedando adoptado por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o seguinte **ACORDO**:

1. O concello prestará de xeito gratuíto un servizo de asesoramento catastral para todos aqueles veciños/as que o necesiten durante o período de vixencia do proceso de regularización catastral.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2. Para paliar as posíbeis consecuencias que a Regularización Catastral poda traer sobre os bens e as economías dos propietarios, o Concello levará a cabo unha modificación da Ordenanza do IBI para acometer unha baixada do mesmo.

3. Bonificación do 95% da cota íntegra do imposto a favor de bens inmobles no que se desenvolvan actividades económicas no eido do sector agrogandeiro, e que se estude a posibilidade da bonificación para o comercial e de servizos.

5.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, advertíndose un erro no número do decreto final que contén a proposta xa que, onde di: "...ao 258.2017..." debe dicir: "... 259.2017...", que sí consta na taboa da proposta, que se transcribe a continuación:

**"DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 25/05/2017
Expediente: 2017/G006/000110**

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **207.2017** de 24 de abril ao **258.2017** de 22 de maio, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2017/G003/000204	CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES DO CONCURSO DOS MAIOS 2017 DE PONTEDEUME.	207/2017	24/04/2017
2017/G003/000233	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA PLENO DE 27.04.2017	208/2017	24/04/2017
2017/G003/000232	CADUCIDADE DE EXPEDIENTE DE ORDE DE EXECUCIÓN 2016/G003/000261 E INICIO DE EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE RUÍNA DE INMOBLE	209/2017	25/04/2017
2017/G003/000194	RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES NO MES DE MARZO DE 2017	210/2017	25/04/2017
2017/G003/000236	INICIO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN EXPEDIENTE CONTRATACIÓN OBRA RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA EN VER (PMA 2016). EXPTE 2017/C003/000003	211/2017	25/04/2017
2017/G003/000239	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 6/2017, SUBEXPEDIENTE DE INCORPORACIÓN DE REMANENTES Nº 2/2017.	212/2017	26/04/2017
2017/G003/000246	ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SUMINISTRO PARA MELLORA ENERXÉTICA NOS PARQUES PÚBLICOS DE PONTEDEUME (FOAYIA 2016) Expte: 2017/C002/000005	213/2017	26/04/2017
2017/G003/000230	APROBACIÓN LIQUIDACIÓN AXENCIA TRIBUTARIA.	215/2017	27/04/2017



2017/G003/000231	APROBACIÓN LIQUIDACIÓN AXENCIA TRIBUTARIA.	216/2017	27/04/2017
2017/G003/000241	APROBACIÓN DE FACTURA Nº EMIT- 30	214/2017	27/04/2017
2017/G003/000238	PAGO SEGUROS SOCIAIS MARZO 2017	218/2017	27/04/2017
2017/G003/000244	INCIDENCIA NOMINA DO MES DE ABRIL DE 2017	221/2017	27/04/2017
2017/G003/000245	RESOLUCION PAGO NÓMINA MES DE ABRIL DE 2017	217/2017	27/04/2017
2017/G003/000226	XUSTIFICACIÓN PROGRAMA DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA AREA DE VELLEZ DEPUTACIÓN 2016	219/2017	27/04/2017
2017/G003/000224	XUSTIFICACIÓN DEPUTACIÓN IGUALDADE	222/2017	27/04/2017
2017/G003/000225	XUSTIFICACIÓN PROGRAMA ENVELLECIMIENTO ACTIVO DEPUTACIÓN 2016	220/2017	27/04/2017
2017/G003/000242	Xustificación da Subvención a Concellos para a contratación de Animadores Deportivos no exercicio 2016.	224/2017	27/04/2017
2017/G003/000249	Xustificación do programa de integración laboral de obras e servizos mínimos municipais da Deputación da Coruña para o ano 2.016	223/2017	27/04/2017
2017/G003/000240	Xustificación da Subvención a Concellos para a realización de actividades deportivas, durante o ano 2016	225/2017	27/04/2017
2017/G003/000248	Xustificación da Subvención a Concellos para Actividades de promoción turística durante o exercicio 2016.	226/2017	28/04/2017
2017/G003/000235	Xustificación da Subvención para investimentos culturais correspondente ó exercicio 2016.	227/2017	28/04/2017
2017/G003/000234	Xustificación da Subvención para investimentos de promoción turística durante o exercicio 2016	228/2017	28/04/2017
2017/G003/000247	Xustificación da Subvención a Concellos para actividades culturais correspondente ó exercicio 2016.	229/2017	28/04/2017
2017/G003/000243	Xustificación da Subvención a Concellos para a realización de investimentos deportivos, durante o ano 2016	230/2017	28/04/2017
2017/G003/000237	Xustificación da Subvención para a contratación de Animadores Culturais no exercicio 2016.	231/2017	28/04/2017
2017/G003/000263	RESOLUCIÓN INICIO PROCEDIMENTOS SANCIONADORES TRÁFICO (ALUMADE***-VILLAR***)	234/2017	02/05/2017
2017/G003/000265	NOMEAMENTO DE TRIBUNAL DO PROCESO DE SELECCIÓN DE CATRO POSTOS DE AUXILIAR DE POLICIA LOCAL.	233/2017	02/05/2017
2017/G003/000266	APROBACIÓN LIQUIDACIÓN PRESUPUESTO 2016 E INFORME DE ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA	232/2017	02/05/2017
2017/G003/000255	CORRECCIÓN DE ERROS DECRETO 215/2017, DO 27/04/2017	235/2017	03/05/2017
2017/G003/000268	APROBACIÓN DO PROXECTO RECTIFICADO DA OBRA "PARQUE INFANTIL URBANIZACIÓN OLMO" PLAN COMPLEMENTARIO POS+	236/2017	05/05/2017
2017/G003/000269	CORRECCIÓN ERROS LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO EXONÓMICO 2016	237/2017	08/05/2017
2017/G003/000270	APROBACIÓN PADRÓN SUMINISTRO AUGA, SANEAMENTO E DEPURACIÓN PRIMEIRO TRIMESTRE 2017.	238/2017	10/05/2017

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2017/G003/000256	AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PAGO DE ALUGUEIRO (SIUSS 15100010001251)	239/2017	10/05/2017
2017/G003/000264	LIQUIDACIÓN DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA	240/2017	10/05/2017
2017/G003/000267	NOMEAMENTO MEMBROS XURADO DO XXVII CONCURSO DE CONTOS VILA DE PONTEDEUME.	241/2017	10/05/2017
2017/G003/000272	Solicitude de subvención para a organización e descrición dos fondos do arquivo municipal de Ponte deume.fase I (Parcial).	242/2017	10/05/2017
2017/G003/000216	AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PAGO DE ALUGUER (SIUSS 1510001002486)	243/2017	10/05/2017
2017/G003/000271	SOLCITUD DE OBRADOIRO DE EMPREO 2017 PARA PERSOAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DE GARANTÍA XUVENIL INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES. CONVENIO COS CONCELLOS DE MIÑO E PADERNE.	244/2017	10/05/2017
2017/G003/000274	EXPEDIENTE EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO	245/2017	12/05/2017
2017/G003/000276	APROBACIÓN FACTURAS O/2017/6	246/2017	12/05/2017
2017/G003/000275	EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 007/2017, EXPTE.NUM. 03/2017 DE INCORPORACIÓN DE REMANENTE.	247/2017	12/05/2017
2017/G003/000252	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	248/2017	15/05/2017
2017/G003/000253	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	249/2017	15/05/2017
2017/G003/000254	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	250/2017	15/05/2017
2017/G003/000257	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DE TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	251/2017	15/05/2017
2017/G003/000258	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DE TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	252/2017	15/05/2017
2017/G003/000259	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	253/2017	15/05/2017
2017/G003/000260	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	254/2017	15/05/2017
2017/G003/000261	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	255/2017	15/05/2017
2017/G003/000277	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA DE 19.05.2017	256/2017	15/05/2017



2017/G003/000281	MODELO 111 IRPF, ABRIL 2017	257/2017	18/05/2017
2017/G003/000278	AUTORIZACIÓN ASISTENCIA A FORMACIÓN	259/2017	22/05/2017
2017/G003/000286	CONTRATACIÓN INTERINIDADE DE JUAN JOSÉ RODRÍGUEZ PIÑEIRO, EN SUSTITUCIÓN DE FRANCISCO VARELA PIÑEIRO.	258/2017	22/05/2017

Asinado dixitalmente, na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro.”

Os membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

6.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

O portavoz do **PP**, plantexa os seguintes **ROGOS**:

1º.- Rogamos tramiten la limpieza de los márgenes de la AP-9 a su paso por el término municipal de Pontedeume.

2º.- Solicitamos que corten la hierba, la maleza, procedan a la limpieza y dejen la zona del parque de la escuela de Boebre apta para su uso. Al mismo tiempo solicitamos que avisen al repartidor o tomen otras medidas con la prensa que se envía a esta escuela ya que se acumula en la hierba y acaba siendo recogida por los vecinos y tirada al contenedor, es un gasto inútil y un despilfarro de dinero.

3º.- Rogamos continúen con el amarre de los contenedores en todos los puntos donde están sueltos, ya que muchos de ellos están muy peligrosos al estar sueltos al borde de la carretera. Se realice un lavado y desinfección, También muchos de los contenedores de vidrio y papel están rotos y en un estado de abandono lamentable. El servicio que prestan no es el adecuado. Solicitamos su adecentamiento y reparación. (1 roto en Campolongo en parada de bus y otro el del Cruceiro al lado del Claudio; los dos son de papel)

4º.- Son muchos los vecinos que nos piden que insistamos con el agua del Pilón. Por eso y una vez más rogamos repongan el agua de la fuente del Pilón.

D. Bernardo Fernández Piñeiro pide responsabilidade ao PP sobre o asunto, xa que non se pode repoñer a auga neste momento pola obra do Mercado Municipal, descartándose a única posibilidade, que sería unha tubería “polo aire”. Considera que non é tan difícil de explicar, dende a responsabilidade.

5º.- Solicitamos la limpieza y adecuación de las playas que ya habíamos pedido en Semana Santa. También pedimos que se coloque la información adecuada para conocer el estado de las playas y si son aptas o no para el baño.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que non foi remitida a información, que non momento en que se reciba, colocarse.

6º.- En la Moción presentada por nuestro grupo el 25/01/2017 para ser debatida en el Pleno de enero sobre la regularización catastral, se llegó al acuerdo unánime de convocar una Junta de portavoces para llegar a un acuerdo y ver las medidas a adoptar. Estamos a finales de mayo y no se nos convocó a ninguna reunión. Dadas las infinitas quejas vecinales, la incertidumbre en que se hayan numerosos vecinos y la escasa información que sobre este asunto tienen los trabajadores encargados de este tema que además están desbordados por las consultas, solicitamos una reunión urgente de portavoces y que por este gobierno se tomen medidas que clarifiquen la situación a nuestros vecinos.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se convocará a reunión cando se teñan os datos. Di que non concello se atende amablemente á veciñanza, non sendo competencia municipal.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

7º.- Rogamos limpien la Avda Castelao, y su área recreativa la maleza invade las aceras y la carretera tiene hierba.

Dende a Presidencia indícase que xa está, que se limpou onte.

8º.-Son muchos los puntos de luz fundidos, rotos ...a lo largo del territorio, solicitamos su reparación.

D. Andrés Pérez Pérez recorda a problemática sobre este asunto na Praza Álvarez Penedo.

9º.-Solicitamos al Concello sufrague los gastos que les están cargando a los placeros de la promoción "quere o teu mercado" promovido por la Xunta y que esta realizando en los mercados municipales.

Dna. Yolanda Vázquez Busto, concelleira de Cultura, Comercio e Turismo, di que nesta campaña os/as praceiros non tiveron ningún gasto. Yoli: nesta convocatoria/campaña os praceiros non teñen ningún gasto.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte pregunta se non se pensou en recuperar algún postre típico.

A Sra. Vázquez Busto contesta que si, que agarda que nun breve prazo.

10º.- Como ya es habitual y reiterado solicitamos y rogamos se hagan efectivos todos los ruegos presentados y no realizados a lo largo de todos los plenos celebrados desde el inicio de su mandato.

E as seguintes **PREGUNTAS**:

1ª.- En el informe realizado por la empresa contratada por este Concello para conocer el estado de la estructura de madera del tejado del Mercado Municipal se dice que dicha madera está afectada por un hongo y recomienda su cambio. Ante esto el gobierno nos informa de que va a asumir el coste y va a emprender acciones legales contra la empresa que colocó la madera para recuperar dicho coste. Después de 6 meses de anunciar estas acciones ¿qué se ha hecho? ¿Han iniciado las acciones legales? ¿En qué punto se hayan las actuaciones sobre el tejado del Mercado Municipal?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que o informe ao que se fai referencia na pregunta chegou en xaneiro e que polo tanto non hai seis meses. Que se someteu a estudo dos técnicos municipais para logo, encargarse o proxecto, que ten entrada no rexistro municipal o oito de marzo, remitíndose a "Patrimonio" e a supervisión pola Deputación o tres de abril, logo do seu estudo polos técnicos municipais. Que o vinte e oito de abril recíbese resposta da Deputación sobre o proxecto no seguinte sentido: información sobre a pintura que se vaia utilizar no pintado das vigas, para que non volva a pasar o mesmo, estando, a empresa, á espera da resposta do fabricante, téndose trasladado isto ao ente provincial.

Indica que, a maiores, se estiveron a facer outras xestións: estudar os pregos cos que se contratou...e que non permiten que sexa a mesma empresa; por tanto, existe a obriga de que sexa outra empresa quen realice a obra e que se reclame civilmente á anterior. Logo de ter mantido varias reunións sobre o asunto na Deputación. Ademais hai elaborado un informe xurídico polo Técnico de Administración Xeral, rematado onte, estándose á espera de que chegue o proxecto para valorar o asunto con "Acciona" e ver como se fai. Di que cada paso que se da deriva dun estudo previo para evitar contratemplos e non demorar o asunto.



Dna. Ascensión de Vicente Olarte pregunta pola problemática que puidera xurdir coa licitación e sobre se se pode empezar a obra.

Aclárase que non se trata da mesma obra, polo que só se mantén a baixa nas unidades comúns. Que hai que negociar. Que hai que ter claro a contía do dano antes de empezar a obra.

Dna. Ana Veira García pide que, se se quere, se complete a información neste punto, tendo en conta as dúbidas que na quenda do BNG se ían plantexar.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que hai que redefinir os prazos, xa que non é responsabilidade do Concello o atraso da obra; que por parte da Deputación non vai haber problema e que se está á espera de pechar o proxecto co prazo de execución para falar formalmente dos prazos.

Plantéxanse unha serie de cuestións sobre os prazos, tanto dende o PP, que di que no convenio faise referencia a "prazo improrrogable" e sobre o que conlevará, dende o BNG.

Dende a Presidencia di que se prevé unha addenda ao convenio, xa que a situación que se está a dar foi imprevisible, procedéndose deste xeito noutros concellos.

Dna. Ana Veira García pregunta sobre os custos e sobre o resto das obras.

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que a cuberta está valorada en dous centos corenta e nove mil euros, se ben hai que contar co aforro que se derive do proceso de licitación, ao que hai que sumar os gastos xudiciais da reclamación. Sobre o resto das obras informa que se do control de grietas, se plantexan dúbidas sobre o aguante da rúa e que, téndose contratado os sondeos, prevese a confirmación de que o terreo é de moita peor calidade que o proxectista inclueu no seu proxecto. Cando se reciba oficialmente o resultado dos sondeos, remitarse ao redactor. Di que, seguramente, vai haber que pilotar.

Dna. Ana Veira García plantexa unha reflexión en forma de pregunta: o proxecto inicial é defectuoso?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que parece que si, se ben o redactor pode defender o seu proxecto e xustificalo.

2ª.- Tras el cambio de directiva de la Feria Medieval ¿en qué estado se encuentra la organización de este evento?

Dna. Yolanda Vázquez Busto di que a organización atópase avanzada, se ben ata quince días antes do evento non se sabe o número definitivo de postos, se ben dende a comisión se ten trasladado que se manterán en número os da edición anterior.

Dna. M^a Carmen Piñeiro Varela, concelleira do PP pregunta se se vai ter en conta á xente de Pontedeume.

Dna. Yolanda Vázquez Busto di que sí, que hai un cupo para os postos locais.

D. Francisco Javier Crespo Romeo, portavoz do PP pregunta pola colaboración do Concello e Dna. Ascensión de Vicente Olarte pola previsión a nivel económico.

A Sra. Vázquez Busto indica que se colabora coa infraestrutura, seguridade, mobilidade..., tal e como se viña facendo e indica non saber os datos económicos, apuntando que se está dentro da previsión estimada pola organización. A unha pregunta de D. Javier Crespo pola existencia

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

de subvención, a concelleira contesta que non hai nada, que existe a posibilidade de asinar un convenio en función das necesidades.

3ª.- Hace unas semanas se procedió a la tala de los árboles de la entrada del aparcamiento público de Ricardo Sánchez, árboles que contaban con muchos años y proporcionaban sombra ¿a qué fue debida esta tala? ¿Existe algún informe técnico que avale esta medida?

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que, tal e como se dixo no último Pleno, a tala de árbores deriva dun requirimento de Medio Rural, en cumprimento da lei de prevención de incendios, xa que non pode haber árbores na contorna dunha estación de servizo.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte pregunta polo prazo da concesión da gasoleira.

O Sr. Alcalde-Presidente apunta a unha ampliación da concesión.

D. Francisco Javier Crespo Romeo pregunta se o concello non contestou ao requirimento.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que, comprobado polos técnicos, non cabe outra opción, que cortar as árbores.

4ª.- Recibidas las quejas de vecinos que van al Concello para trasladar problemas, quejas o sugerencias al equipo de gobierno y se encuentran con que no hay nadie del gobierno municipal para atenderlos ¿existe algún control horario, hay un horario de atención al público, solicitud de citas u otras formas para poder hablar con ustedes?

D. José Simoes Couceiro, portavoz do Grupo Municipal do PSOE e concelleiro de Réxime Interior di que sempre hai algúen.

D. Bernardo Fernández Piñeiro confirma o dito polo concelleiro, engadindo que tamén polas tardes se algunha persoa desexa a atención e se piden cita. Indica que se atende a todo o mundo que se achega á porta e só en casos puntuais está pechada a oficina, deixando aviso no Rexistro para que se colla nota. Conclúe indicando que o goberno local non recibiu ningunha queixa ao respecto.

5ª.- ¿En qué estado se encuentra el Plan de Rehabilitación del Casco Histórico de Ponte deume?

O Sr. Alcalde-Presidente di que está case rematado o documento, para ser sometido a o obrigatorio informe de avaliación ambiental, unha vez que se peche o relativo á conexión da auga. Bernardo: case listo o documento. Considera que hai que ter en conta que se tivo que revisar tamén ao respecto do primeiro proxecto, a adaptación á normativa vixente.

6ª.- ¿Tienen ya el informe sobre las reclamaciones de los usuarios a las tasas de la Piscina Municipal? ¿Está hecho ya el informe sobre las distintas deficiencias detectadas por los concejales en la visita de inspección que hicieron a la Piscina Municipal en meses pasados?

Dna. Raquel Caruncho Corral remítese ao pouco tempo dende a incorporación da titular da Intervención. Di que xa está elaborado o informe do Técnico de Deportes sobre as deficiencias e que agora hai que revisar a actuación da empresa ao respecto.

7ª.- El alcalde, en sus últimas declaraciones en prensa, dice que el saldo del Concello en cuentas bancarias asciende a 1900000 euros por otro lado, en la liquidación del año 2016 figuran 1200000 euros ¿nos puede aclarar estas cifras?



D. Bernardo Fernández Piñeiro di que os datos que se deron en rolda de prensa son derivados dun arqueo de tesourería dese mesmo día, para dar datos exactos, sendo o informe de Intervención doutra data.

8ª.- En el pasado pleno se trató el tema de un altercado entre dos trabajadores del servicio municipal de limpieza, el Alcalde nos manifestó que se iba a abrir expediente ¿se ha iniciado este expediente? ¿En qué estado se encuentra?

D. José Simoes Couceiro di que, tal e como xa se dixo, si se vai abrir un expediente, pero que se está á espera de que se incorpore o traballador que está de baixa xa que, legalmente, non se pode continuar co expediente.

O Sr. Alcalde-Presidente di que non lle parece unha cuestión para traer ao Pleno, pedindo que conste en acta.

De seguido intervén a portavoz do BNG-AA par dicir que suscribe o que di o Alcalde xa que considera que determinados temas, como este, non son para traer ao Pleno, por respecto aos traballadores.

9ª.- Entre las facturas de este mes se encuentra el pago del riego de la Alameda de Raxoi ¿no existía en el proyecto de obra una partida para este fin?

D. Bernardo Fernández Piñeiro contesta que non, que o proxecto non incluía o rego.

10ª.- Entre los pagos de facturas de suministro eléctrico figura una cuya denominación es MARINA 9009 ¿a qué zona corresponde?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di amosarse sorprendido coa pregunta xa que é a mesma que dende hai anos.

11ª.- La obra del parque del Paseo Marítimo comenzó hace un mes, ahora está parada ¿existe algún problema con esta obra?

O Sr. Alcalde-Presidente di que a obra non estivo parada xa que, cando non estiveron os operarios estiveron a reorganizar as medidas de seguridade, xa que se ampliaron os xogos. Non estivo parada. A semana que non houbo operarios estiveronratificar as medidas de seguridade porque se ampliou e se ampliaron os xogos.

D. Francisco Javier Crespo Romeo di que cando fan referencia á obra, estanse a referir á obra propiamente dita.

D. Bernardo Fernández Piñeiro volve dicir que se están a facer traballos técnicos.

12ª.- En la pregunta 9ª del pleno del mes pasado pedíamos explicaciones sobre el “catastrazo” y lo que pensaba hacer este gobierno. Se nos contestaba que no tenían datos ¿manejan ya estos datos? Los vecinos no paran de preguntar sobre este tema y los trabajadores municipales encargados del mismo están desbordados y carentes de toda la información necesaria ¿tienen pensado o estudiado alguna medida?

También en su respuesta a esta misma pregunta se nos dice que el Concello no tiene autorizado revisión catastral alguna; pero en la Comisión de Gobierno del 6 de abril de 2016 aprobada por unanimidad solicitan a la Dirección Xeral del Catastro (Nº de registro: 1903 de 29/03/2016) la revisión catastral del Concello de Pontedeume y la Dirección Xeral del Catastro les responde afirmativamente el 7/10/2016. ¿No es esta una solicitud y autorización de revisión catastral?

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Sr. Alcalde-Presidente di que non se ten solicitado e que o documento é o da revisión. Que a regularización peiduse no ano 2014, como consta no rexistro xeral. Di que a revisión dos valores catastrais non se poden facer ata que se aproben os Orzamentos Xerais do Estado e que é obrigatoria que se leve a cabo se non se fixo nos últimos dez anos. Apunta a que as cartas que está a recibir a xente son derivadas de regularización, non da revisión.

De seguido, prodúcese un debate sobre o que se dixo no Pleno anterior ao respecto.

Concluídas a quenda do PP, a portavoz do **BNG-AA**, plantexa os seguintes **ROGOS**:

1.-LIMPEZA ADECENTAMENTO... DOS PARQUES FAMILIARES DE BREAMO E CASTELO.
Estamos nas portas do verán e estas instalacións serán moi frecuentadas por turistas e familias.

Recordamos que houbo propostas para mirar da súa ampliación.

Rogamos intervención nestes espazos e un plan de ampliación dos mesmos.

2.-TALAS.

Nos últimos meses houbo un incremento desta actividade económica co que supón para camiños e pistas o paso de camiións de tonelaxe e incluso o acopio de refugallos.

Hai unha ordenanza que contempla este s labores.

Pregamos control e seguimento destas actividades.

[Abandona a sesión D. Javier Crespo Romeo, sendo as 13:40h]

3.- REGULACIÓN DO USO DO SOLO PÚBLICO.

Existe unha ordenanza, bastante obsoleta, que aínda contempla os pagos en pts.

Este goberno, xa na metade da lexislatura, segue sen adecuala e actualizala.

Recordamos que o BNG-AA presentou unha moción, e aprobouse, sobre o cobro por uso de solo público dos caixeiros de entidades bancarias.

Pregamos cumprimento de mocións e unha ordenanza actualizada.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que xa está solicitado o informe ao aparelador.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte pregunta se se está a aplicar nalgún concello.

O Sr. Alcalde-Presidente indica que sí.

4.-NECESIDADE URXENTE DUN CAPATAZ.

É de vital importancia a xestión efectiva para que se conte con este posto de traballo para o aproveitamento e o bo funcionamento do concello.

Reiteramos o rogo de que se faga efectiva a existencia dun capataz.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se vai modificar a RPT, e que non ten sentido neste momento a convocatoria xa que suporía a contratación dun mando para dúas persoas.

5.- ALUMEADO, RECOLLIDA DE REFUGALLOS, AUGA, PISCINA...

Rogamos urxencia para que estes servizos conten coa adxudicación máis vantaxosa para a cidadanía deste concello.

6.-INFORMACIÓN AOS CENTROS EDUCATIVOS.

As actividades desenvolvidas polo concello anúncianse nuns paneis. Bótase en falta a difusión en centros educativos.



Hai uns días houbo actividades dirixidas a nenos e non houbo participación pola falta de difusión axeitada das mesmas.
Pregamos difusión en centros educativos das actividades.

7.- OBRAS NA ESTRADA DE CENTROÑA.

Sendo obras de vital importancia e coñecedores da implicación que teñen para peóns e para o tráfico diario. Constatamos que en moitas xornadas o número de traballadores nelas é moi reducido e tendo en conta que a época estival está nas portas.

Pregamos control dos tempos de execución destas obras para evitaren que suceda coma nas obras da alameda.

O Sr. Alcalde-Presidente di que a obra está en prazo de execucion, se ben os traballos son limitados cando chove.

8.- CUMPRIMENTO DE DIVERSOS ROGOS: RETIRADA DE PANEIS CADUCADOS.

Seguen no mesmo lugar paneis "informativos" en diferentes puntos da vila. Xa levamos dous anos da lexislatura, varios rogos e preguntas sobre este tema. Non cremos que sexa tan complicado dar ordes para que se retiren. Non hai nada que presupostar, aprobar.....

Parécenos a nós e a moitos cidadáns unha verdadeira DESIDIA.

Rogamos retirada de paneis, cartaces.... Obsoletos que só axudan á desinformación.

D. Bernardo Fernández Piñeiro xustifica a situación coa falta de persoal.

9.-ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN FAMILIAR: CAMPAMENTOS DE VERÁN.

A só un mes das vacacións escolares deben programarse accións para conciliar a vida familiar ao tempo que promover un tempo de lecer axeitado para a xente nova desta vila.

Durante o curso escolar houbo verdadeiras eivas neste senso (falta de funcionamento axeitado do Planet Club ou outras iniciativas).

Pregamos a organización deste tipo de actividades.

10.- USO DA BIBLIOTECA-AULARIO.

No concello só existen as instalacións da biblioteca municipal que debería ter un uso demandado de aula de estudo ou aulario.

Tendo en conta que a mocidade vese abocada a desprazarse a Ferrol.

Rogamos a apertura das instalacións en horario de mañá para dar resposta ás demandas existentes.

E as seguintes PREGUNTAS:

1.-APARCADOIRO COLINDANTE AO IES "FRAGA DO EUME".

Sendo o concello o responsable desas instalacións e coñecedores do seu estado. O BNG xa fixo, hai meses, peticións para que se acometese unha intervención nos mesmo.

Carece de peche axeitado co centro educativo. Está nun mal estado de conservación (fochancas, información do mesmo....)

O período estival xa está próximo.

En que estado está o proxecto de obras?

Cal é o presuposto?

Cando se vai actuar e facer a prometida separación co centro educativo?

O Sr. Alcalde-Presidente di que se decidiu levar a cabo unha actuación máis ampla, polo que se tomou a decisión de agardar para facer o proxecto que á vez, ten que contar coa autorización de "Patrimonio".

Dna. Ana Veira García di que, tendo en conta que a recepción da obra foi realizada no mandato anterior, non lle parece aceptable a situación dous anos despois. Entende que se queira facer unha actuación maior, pero pide eficacia ao goberno local.

D. Bernardo Fernández Piñeiro defende a xestión do goberno local e di que son moitas couas as que hai que facer e que os cartos son limitados.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Dna. Ana Veira García defende o seu traballo como oposición e que o orzamento do novo proxecto, unha vez que o Presidente di que o orzamento sería de entre vinte e trinta mil euros, non lle parece suficiente para xustificar dos danos de non actuación.

2.-MANTEMENTO DO XULGADO DE PAZ.

O edificio no que se sitúa o xulgado de paz está nunha situación de deterioro moi evidente.

Hai prevista algún tipo de intervención para o seu arranxo?

Para cando?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que o conxunto do edificio ten moitas eivas no seu conxunto, non existindo unha previsión de actuación. No que respecta ao Xulgado de Paz, di que as deficiencias son dos últimos trinta anos e que dez días antes da nota de prensa, foi un técnico por alí preguntar. Indica que a responsabilidade dos libros é do Secretario do Xulgado e fai alusión ás necesidades do Arquivo Histórico local, que considera está peor.

3.-SUBSCRICIÓN Á PRENSA NO CENTRO DE MAIORES.

En anteriores plenos fixemos un rogo para que se fixese unha subscrición á prensa en lingua galega. Como tantas veces, a resposta foi que se vai estudar.

Teñen decidido realizar esta subscrición?

Dna. Yolanda Vázquez Busto apunta a que se realizará no segundo semestre.

4.-AS PRAIAS DE VER E CENTROÑA.

A dous meses vista do verán e sabores da situación destes areais, que xa non parecen na lista de praias deste concello.

En que punto do proceso estamos agora, en cada un deles?

Que cabe agardar?

O Sr. Alcalde-Presidente recorda que o peche das praias de Ver e Centroña deriva de dar niveis de contaminación durante máis de cinco anos. Que se van realizar as actuacións, unha con cargo ao Plan Único aprobado neste Pleno (en Centroña) e xa se está a redactar o proxecto para a intervención en Ver.

5.-SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

Está concedida unha subvención da Deputación para funcionamento.

Hai concellos que abriron unha bolsa de traballo para servizos coma estes.

Que actuacións vai levar a cabo este concello?

D. José Simoes Couceiro, indica que a subvención se pediu coa idea que se puidera reincorporar. Apunta a que non se pode facer unha bolsa de traballo para a substitución nun posto de traballo cuberto por unha persoa en réxime de laboral temporal.

[Abandona a sesión D. Jorge Serafín Allegue Freire, sendo as 14:06h]

6.-MERCADO MUNICIPAL.

Aparentemente as obras están estancadas, non se observan actuacións que fagan pensar á cidadanía que existe un avance nunhas obras de gran envergadura e importancia para esta vila.

Cal é a nova previsión no proceso de obra do mercado?

Como serán os custos?

Dase por contestada na pregunta do Grupo Municipal do PP sobre o asunto.



7.-ANALÍTICA DA AUGA DA TRADA.

As análises da auga de consumo doméstico realízase por parte da empresa VIAQUA mais non existe un control externo e polo tanto obxectivo.

Teñen pensado facer algún control deste tipo?

Dende a Presidencia di que non se ten pensado facer ningún control externo, confiando na responsabilidade da empresa.

8.- PREVENCIÓN DE INCENDIOS.

Estamos nas portas da época de perigo de incendios. O concello debe velar pola previsión esixindo e vixiando que as fincas, cómaros, montes, etc estean nun bo estado para que non sexan foco de lumes.

Teñen pensado facer, alo menos, un bando para limpeza de fincas como primeiro paso de loita contra incendios?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se elaborará un Bando e da conta dos requirimentos que se realizan para a limpeza de fincas, todas as semanas.

9.-PLANTACIÓN DE ESPECIES ARBÓREAS.

Nestes últimos meses houbo unha importante actividade de tala e plantacións.

Existindo, no concello, unha ordenanza neste sentido no que se especifican que tipo especies, distancias das diferentes plantacións ás vivendas.... Para evitar, entre outros problemas, os lumes.

Estase a facer un control destas plantacións?.

Quen vela polo cumprimento desta ordenanza?

Dende a Presidencia apúntase que se realizan actuacións na medida do posible, cos medios dos que dispón o Concello. Indica que o control é exercido polo policía urbanístico.

REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e dezasete minutos do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.